

**Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes**

Para os efectos oportunos, públícase a listaxe de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2016-2017, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 15 de decembro de 2017 de "1º.- Conceder as subvencións individualizadas que se mencionan na seguinte listaxe referidas os clubs deportivos e ao orzamento previsto para eles nas anteriormente citadas bases."

De acordo co punto 13 das bases da convocatoria, e ao abeiro do 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución de concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2016-2017, por parte da Xunta de Goberno, será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org), [taboleiroanuncios.deputacionlugo.org](http://taboleiroanuncios.deputacionlugo.org), enlace: [g·tablón - Deputación de Lugo](#)

Nº REX	NOME ENTIDADE	CIF	IMPORTE	DEPORTE
30696	CLUB PRONE LUGO AD	G-27210376	128.272,00	FÚTBOL SALA
30.697	CLUB PORTA XI, CB	G-27324284	75.700,00	BALONCESTO
29.940	CLUB DEPORTIVO BURELA FS	G-27272251	153.927,00	FÚTBOL SALA
30.072	CLUB PELUQUERÍA MIXTA FRIOL	G-27170638	36.000,00	FÚTBOL
29.937	CLUB EMEVE	G-27041490	76.101,00	VOLEIBOL
<b>TOTAL</b>			<b>470.000,00</b>	

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 4 de xaneiro de 2018

O Presidente

Darío Campos Conde

O Secretario Xeral

Cristobal Víctor Fraga Bermejo